

RELATORIO SINDICAL DO IX CONGRESO DO SINDICATO LABREGO GALEGO – COMISIÓNS LABREGAS

1.- SITUACIÓN XERAL

Galiza perde da orde de 10.000 habitantes cada ano e, segundo consta nos informes de Eurostat, é unha das rexións nas que máis emprego se destruíu a nivel europeo. O Consello Económico e Social afirma tamén que nos últimos anos se viron obrigados e obrigadas a marchar arredor de 145.000 mozos e mozas de entre 18 e 35 anos. É un drama que un país perda gran parte da súa mocidade e, polo tanto, do seu futuro.

Ao longo destes últimos anos foron empeorando, en xeral, as condicións de vida da xente traballadora: incrementouse o número de persoas que non perciben ningún ingreso, aumentando nun 30 por cento a cantidade de familias nas que non existe ningunha remuneración procedente do traballo. Tamén se fixeron máis agudas as desigualdades, sendo a taxa de risco de pobreza ou exclusión social do 24 por cento na poboación galega, e o risco de pobreza severa do 15,4 por cento.

O Consello Económico e Social tamén alertou dos déficits de cobertura de asistencia social e da calidade de vida das galegas e dos galegos. As chamadas “políticas de austeridade” fixeron que boa parte dos orzamentos das principais políticas públicas como sanidade, servizos sociais, educación, agricultura, etcétera, se recortasen de xeito importante, o que se plasmou nunha eliminación moi importante de persoal, de gasto corrente, de investimentos e na supresión de múltiples programas e servizos de interese para a poboación.

O diñeiro público emprégase cada vez máis segundo os intereses das grandes corporacións. Por exemplo, destínanse inxentes recursos a priorizar o pagamento da débeda, en gran parte ilexítima, pois foi contraída polo Estado ao asumir o rescate de entidades bancarias, que coas súas prácticas especuladoras causaron en grande medida a crise actual. Renúnciase a auditar a débeda e a rexeitar o pagamento dunha débeda ilexítima, e optan por seguir recortando en dereitos fundamentais como a saúde, a educación ou os servizos sociais.

Os gobernos toman medidas ao servizo dos intereses das multinacionais, privatizando e poñendo en mans destas compañías os servizos públicos, e mesmo tentando eliminar calquera regulación ou obstáculo para os seus investimentos ou para o comercio internacional, controlado por estas grandes empresas. Trala parálise na Organización Mundial do Comercio (OMC), co fracaso da Ronda do Milenio en 1999 e logo da Ronda de Doha, as compañías multinacionais mudaron a súa estratexia, impulsando a sinatura dos chamados Tratados de Libre Comercio e os Tratados de Investimentos entre varios países, coa mesma lóxica, aínda que fóra do marco multilateral da OMC.

O TTIP entre Estados Unidos e a Unión Europea (UE), o CETA entre Canadá e a UE, ou o TISA (sobre comercialización de servizos) son algúns destes tratados que están

negociándose na actualidade de xeito totalmente antidemocrático e opaco polos nosos gobernos, con importantísimas consecuencias para a alimentación e a agricultura e, en xeral, para a vida das persoas. Estes tratados proporcionarán un marco legal moito máis favorable para a entrada de alimentos producidos con antibióticos, hormonas ou transxénicos que hoxe estarían prohibidos pola normativa da UE, con consecuencias moi graves na alimentación, na saúde, nos prezos agrícolas e no peche de miles de granxas.

A través dos chamados Tratados de Libre Comercio, obrigaríase aos gobernos a aceptar as decisións de tribunais arbitrais privados controlados polas multinacionais diante de conflitos comerciais entre os intereses públicos da cidadanía e os privados das empresas. Desta maneira, quedarían protexidos os investimentos e as ganancias destas compañías, eliminaríase calquera traba á liberalización total das distintas áreas e impulsaríase a entrada de capital privado dun xeito moito máis intenso na xestión da auga e de todo tipo de servizos públicos a través de privatizacións.

Nos últimos anos, iniciouse unha dinámica progresiva de criminalización da loita social, coa aplicación de sancións e medidas como as contempladas na denominada Lei Mordaza, as reformas do Código Penal e da Lei Antiterrorista, denunciadas pola propia ONU, xa que supoñen a vulneración de dereitos civís básicos como a liberdade de pensamento e de conciencia, de expresión, información ou manifestación, a presunción de inocencia ou o dereito a non ser detido ou detida de xeito arbitrario.

2.- SITUACIÓN DAS LABREGAS E DOS LABREGOS

As políticas agrarias neoliberais levadas adiante neste período -tanto polo goberno da Xunta, como polo Ministerio e a Comisión Europea-, están a orixinar nas diferentes producións agrarias e gandeiras unha enorme volatilidade de prezos que, en moitas ocasións, chegan a estar por debaixo dos custos de produción. Isto leva a unha situación de extrema dificultade a moitas labregas e labregos en Galiza.

Pese a todo isto, a Reforma da Política Agraria Común (PAC) na Unión Europea para o período 2014-2020, que se está a poñer en marcha, continúa co mesmo obxectivo de desregular a produción e os mercados. Bos exemplos disto témolos na culminación definitiva da supresión do sistema de cotas lácteas ou na progresiva eliminación dos dereitos de plantación de viñedo. Desta maneira, garántense materias primas baratas para que os grandes grupos económicos obteñan maiores beneficios nos mercados internacionais.

A UE está a legislar claramente en contra do interese xeral co fin de favorecer grandes ganancias para a industria, a distribución e mesmo o capital financeiro, que se benefician mutuamente. O obxectivo final é que as grandes multinacionais consigan maiores cotas de mercado a nivel interno e mundial a base de baixos prezos e acordos comerciais e de investimentos, aínda que comprometan mesmo a seguridade alimentaria da poboación, supoñan a ruína de miles de persoas labregas, e impliquen a desaparición de moita da actividade agrícola e gandeira en diferentes rexións e

países como Galiza, nas que a actividade de produción de alimentos continúa a ser estratéxica.

Perda de postos de traballo.

O actual modelo de produción e distribución de alimentos amósase tamén na Galiza incapaz de dar resposta a retos fundamentais como a perda de emprego agrario, os prezos ruinosos, o incremento da nosa dependencia alimentaria, a dificultade crecente da cidadanía galega para acceder a unha alimentación de calidade, os impactos sobre a natureza, a dependencia enerxética, o cambio climático, o envellecemento e o abandono do rural, ou a falta de alternativas ante o éxodo da mocidade.

En Galiza, hoxe en día, menos dun 5 por cento das persoas titulares das granxas teñen menos de 40 anos: aproximadamente 7.100 titulares fronte ao 60 por cento que teñen máis de 60 anos. Aínda que o relevo xeracional supón un dos grandes retos da actualidade, non existen políticas axeitadas para favorecer a instalación da mocidade nin de apoio aos proxectos existentes.

O fenómeno de maior entidade dos últimos anos no agro galego foi a perda de poboación ocupada na agricultura, que dende os anos 50, con 827.000 persoas activas, baixou un 93 por cento con respecto a 2012, cando só quedaban 59.000 persoas ocupadas, pasando de ter un peso relativo na poboación activa do 70 por cento a mediados do século pasado ao 5,5 por cento dos tempos actuais.

O Goberno segue a desprezar o valor das actividades agrarias e gandeiras como creadoras de emprego, presentando mesmo como éxito a perda espectacular de postos de traballo na agricultura e na gandería. Tamén nega a importancia de que exista un medio rural vivo a través da falta total de políticas concibidas para que as persoas podan ter un medio de vida digno, acceso á vivenda ou a servizos públicos de calidade. Precisamente, ese servizos públicos experimentaron neste último período, en termos xerais, un progresivo desmantelamento, con fondas implicacións non só en relación coa situación actual da alimentación ou do medio rural, mais tamén en relación coa estrutura social, a paisaxe, a natureza, a dimensión económica xeral e a cultural.

Un dos exemplos máis significativos da perda de postos de traballo relacionados coas actividades agrogandeiras pode verse na evolución da produción de leite que, dende o ano 1986, desapareceu de moitos concellos galegos, concentrándose nalgunhas comarcas nas que segue a constituír a actividade central da que dependen miles de empregos de xeito directo e indirecto. En marzo de 2015, seguía a haber 11.974 granxas galegas con cota asignada, aínda que máis de 2.000 xa non facían entregas á industria: 5.080 na provincia da Coruña, 4.939 na de Lugo, 1.835 en Pontevedra e 120, sumando todos os concellos de Ourense.

Dende o 1 de xaneiro de 1986, máis de dez granxas leiteiras galegas pecharon as súas portas cada día, pasando das 112.000 que existían na data de entrada do Estado español na Comunidade Económica Europea, a só 9.181 granxas galegas que seguían a facer entregas de leite en novembro de 2015, 16.605 en todo o Estado. É evidente que a desaparición de máis de 102.000 granxas do territorio ten gravísimas

repercusións sociais, económicas, no patrimonio cultural, na paisaxe e, en xeral, no medio natural.

A terra.

É especialmente preocupante o que está acontecendo nos últimos anos coa superficie agraria e o acaparamento de miles de hectáreas por parte de grandes empresas para usos non agrarios. Levamos décadas vendo como os gobernos fomentan coas súas políticas que a terra agraria sexa destinada a producir enerxía, a usos forestais, mineiros etc, non sendo prioritario para estes gobernos nin a agricultura nin a produción de alimentos.

Dende As Encrobas, non pararon de incrementarse as terras asolagadas por encoros, afectadas pola instalación de parques eólicos, ou ameazadas por grandes proxectos de minaría contaminante como a mina de ouro a ceo aberto de Corcoesto, as miles de hectáreas nas que se prevé extraer seixo na Terra Chá ou en Terras de Compostela, etcétera; as agresións non cesan.

A Superficie Agraria Útil (SAU) é do 24 por cento do territorio (a maioría dos países europeos teñen mais do 50 por cento). Contamos con pouco máis de medio millón de hectáreas de SAU e case catro veces máis dedicadas a Forestal (65 por cento). O 90 por cento das granxas teñen menos de 20 hectáreas, e tan só o 1 por cento da superficie está en produción ecolóxica certificada (menos de 16.000 hectáreas): 193 granxas e só 1.259 toneladas de produción ecolóxica de orixe vexetal.

E non hai que esquecer, debido a esta desorde territorial, a presión a que se ven sometidas as granxas pola fauna salvaxe, especialmente aquelas que apostan por un modelo extensivo de produción.

Despois de anos loitando contra a forestación ilegal de terras agrarias, sobre todo con eucalipto, neste último período intensificouse a presión sobre as terras que foron obxecto de concentracións parcelarias: especuladores especializados en comprar masas comúns, intentos de regularizar plantacións ilegais e destinar os predios de concentracións parcelarias de terra agraria a usos forestais, etcétera. Este é o día a día ao que as nosas explotacións se enfrontan.

Para flexibilizar e facilitar este espolio modifícanse normativas como a nova Lei de Montes, que abre o paso á privatización dos montes veciñais en man común, ou a Lei do Solo, que foi sometida a continuas reformas.

É tamén neste período cando se acentúa a ameaza que supoñen os proxectos que as empresas mineiras queren implantar no noso país, ameaza que planeaba sobre algunhas zonas coma a Terra Chá dende o ano 2006 ou que xa se tiña concretado noutros casos, como as louseiras do Caurel ou do Barco. Nos últimos tempos, a ameaza expandeuse a todo o territorio galego co Plano Sectorial impulsado pola Xunta, para quen, segundo o seu propio lema, Galiza é unha MINA. Segundo datos da Cámara Mineira, ata febreiro do 2013, solicitáronse e estaban pendentes de outorgar 544 dereitos mineiros, xa se outorgaran 1.060 e caducaran 684.

No ano 2013, publicábase o borrador do Plano Sectorial de Actividades Extractivas que, na actualidade, continua pendente de aprobación. Este Plano contempla que a actividade mineira ten preferencia no 60 por cento do territorio e que a totalidade da nosa terra é susceptible deste uso.

Asistimos neste último período ao intento de implantación de grandes proxectos mineiros, que arrasarian con miles de hectáreas de terras agrarias. Zonas que practicamente non contan con outra actividade que non sexa a agraria vense dun día para outro baixo a ameaza das mineiras. Exemplos como o de Xinzo de Limia para a extracción de feldespatos, afectando 400 hectáreas de terras agrarias que forman parte dun conxunto de 1.473 hectáreas de concentración parcelaria e de 1.257 de regadío; ou a mina de seixo da Terra Chá, que afectaría 5.700 hectáreas de 6 concellos, amáis de 1.500 granxas de leite e 6.000 empregos directos e indirectos.

Outros proxectos nos só terían unha afección directa á terra agraria senón que, ademais, polo tipo de explotación, poñerían en perigo a saúde das persoas e o futuro de comarcas enteiras co emprego de produtos moi perigosos como o cianuro e a liberación de grandes cantidades de arsénico ao medio (augas, terra, alimentos, etcétera). É o caso do proxecto de Corcoesto na comarca de Bergantiños: 7.736.000 m², afectaría 1.000 explotacións agrarias e gandeiras en activo, e 1.350 postos de traballo directos de persoas dedicadas a actividades agrogandeiras.

Control da alimentación por parte das multinacionais.

As institucións, tanto a nivel do Estado como as europeas, en escura conivencia cos lobbies económicos que teñen intereses no sector, tamén están en gran medida a deseñar as súas políticas coa idea de garantir a posición de dominio das grandes corporacións no sistema agroalimentario, tanto a nivel da produción, como na transformación ou na distribución de alimentos.

Así podemos ver, nos últimos tempos, como os diferentes gobernos renuncian a impedir as prácticas abusivas e a posición de dominio das industrias e da distribución na cadea alimentaria, pese a haber mesmo sentencias e o recoñecemento do carácter habitual deste tipo de fraudes, como a multa de 88 millóns de euros ás industrias lácteas acusadas pola Comisión dos Mercados e da Competencia de cometer unha infracción continuada cando menos entre os anos 2000 e 2013.

Aínda así, o Ministerio de Agricultura e o Goberno da Xunta limítanse a propor acordos de boas prácticas para distribución e a industria de cumprimento voluntario. Mesmo a Lei 12/2013, de 2 de agosto, para mellorar o funcionamento da cadea alimentaria segue sen recoller medidas que eviten esas prácticas abusivas e garantan uns prezos mínimos.

Os contratos sen prezo convertéronse nunha ferramenta máis en mans da industria para impor de xeito unilateral prezos e todo tipo de condicións. Estes contratos non conseguiron mellorar o desequilibrio nas relacións entre produtoras e produtores e a industria. Para iso, sería básico aplicar de xeito obrigatorio índices de prezos, calidades e outros parámetros obxectivos, negociados colectivamente, así como sistemas de mediación dos contratos públicos e gratuítos que garantan os dereitos das persoas

produtoras, fronte a impagos e outras situacións de indefensión da parte produtora que hoxe son moi frecuentes.

Na idea de seguir eliminando as políticas agrarias públicas, os gobernos están a promover a creación de organizacións de produtoras e produtoras (OP), ás que pretenden responsabilizar de cuestións como a xestión de excedentes ou os prezos, nun marco de total indefensión fronte ás grandes multinacionais que operan no sector. Este tipo de organizacións sectoriais corren o perigo de responder totalmente aos intereses das industrias, tal e como xa acontece hoxe en países como Suíza, coas organizacións de persoas produtoras de leite; en Andalucía, coas organizacións de persoas produtoras de froitas e hortalizas, etcétera. En realidade, a creación destas OP responde tamén á vontade de dismantelar as organizacións agrarias que teñen no seu ADN a defensa integral dun modelo de alimentación sa; o uso racional da terra; ou os dereitos das labregas e dos labregos a nivel profesional, social ou económico.

A UE e os diferentes gobernos están a favorecer a eliminación das políticas de regulación públicas da produción e do mercado, deixando en mans das industrias e da distribución decidir onde se producen os alimentos, en que condicións, prezos, volumes, etcétera.

No sector lácteo, por exemplo, o Sindicato Labrego Galego foi a única organización agraria galega que fixo unha campaña frontal contra as políticas de eliminación de control da produción, denunciando o engano do Goberno, das industrias e de parte do sector, que defendían que había grandes oportunidades nos mercados internacionais e sostiñan a idea de que as produtoras e os produtores ían poder vender libremente e a bo prezo todo o que desexaran.

A poucos meses do final do sistema cotas xa se ve como son as industrias as que están a marcar de xeito unilateral en que zonas van recoller o leite, a quen, os prezos que queren pagar en cada zona, os volumes permitidos a cada produtora e produtor, as calidades esixibles, etcétera.

Un dos grandes problemas que está a afectar á agricultura e gandería galegas son os baixos prezos, pero tamén os procesos de deslocalización da produción cara a outras zonas e a substitución de miles de iniciativas no territorio por uns poucos megaproxectos. En xeral, podemos ver nos distintos sectores como se está a promover a posta en marcha de grandes granxas ou plantacións de tipo industrial, que introducen unha forte competencia á baixa nos prezos e mesmo a saturación dos mercados. Esta competencia acaba levando a unha situación ruín para miles de persoas produtoras de coello, de polo, de porcino, de vacún, de leite, de horta, de pataca, de uva, etcétera.

O acaparamento por parte das corporacións do sistema agroalimentario tamén se plasma en políticas feitas para garantir a venda de grandes cantidades de insumos para a produción (sementes, alimentación animal, fertilizantes, agrotóxicos, fármacos, maquinaria, etcétera), nunha dinámica na que se procura cada vez máis a dependencia e a integración total das produtoras e produtores, que acaban asumindo todos os riscos

e tendo unha nula capacidade de manobra sobre a maioría dos aspectos da actividade, impostos pola empresa integradora.

Dependencia alimentaria e alimentos quilométricos.

A dependencia alimentaria galega incrementouse de xeito progresivo nos últimos anos, multiplicándose por 4,5 o déficit no comercio exterior agroalimentario no período entre 1998 e 2005. Nese último ano, gastáronse aproximadamente 900 millóns de euros máis en comprar alimentos de fóra dos que se ingresa polas vendas ao exterior, especialmente produtos vexetais, derivados lácteos e produtos cárnicos. Galiza perde, día a día, soberanía alimentaria, e cada vez son máis os alimentos producidos a miles de quilómetros que chegan aos fogares galegos, colexios, hospitais, etcétera.

Unha das consecuencias do sistema agroalimentario industrial globalizado é o control da alimentación por parte dun número moi reducido de empresas distribuidoras e a maior presenza de alimentos producidos a miles de quilómetros na alimentación da poboación galega.

Citaremos como exemplo as cifras de 2013 do grupo Vegalsa-Eroski, que facturou arredor de 850 millóns de euros; de Gadisa, cadea de distribución do Grupo Tojeiro, que chegou aos 980 millóns de euros; ou o control por parte do grupo Carrefour de máis do 25 por cento da venda de alimentos. No Estado español, o 81 por cento da poboación compra os seus alimentos en cadeas de supermercados ou en grandes áreas, mentres que cinco grandes empresas e dúas centrais de compra controlan o 75 por cento da distribución de alimentos.

No período de 1995 a 2012, na Galiza medraron tamén arredor dun 30 por cento as importacións de alimentos doutros países, sen contar as que chegan a través ou que son orixinarias doutras partes do Estado español. O 85 por cento desas importacións corresponden a cereais e preparados de cereais, peixes, mariscos e pensos para animais. Os países dos que proceden a maior cantidade de alimentos son Ucraína, Portugal, Francia, Arxentina e Rusia.

Un elemento fundamental é a elevada dependencia da gandería galega, e europea en xeral, respecto da importación de cereais e demais compoñentes para pensos doutras partes do planeta, cunha distancia media percorrida de 7.000 km, procedentes principalmente de Arxentina, Brasil e Francia.

Fame e especulación.

Algunhas cifras amosan a nivel mundial a insostibilidade deste sistema: cada ano máis de 30 millóns de persoas morren no mundo debido á fame, arredor de 1.300 millóns de seres humanos padecen desnutrición grave e permanente (o 12% da poboación mundial), mentres que a metade da comida se tira para o lixo. As persoas occidentais refugamos, segundo diversos estudos, entre o 30 e o 50 por cento dos alimentos, e as grandes distribuidoras rexeitan case un terzo das froitas e hortalizas que reciben.

Aínda que o 70 por cento da alimentación a nivel mundial procede das mans de 500 millóns de pequenas produtoras e produtores, maioritariamente mulleres, as súas

dificultades para acceder á terra, ás sementes, ao crédito ou á auga son unha constante que se repite nos diferentes lugares.

Mesmo despois de identificar as prácticas especulativas cos alimentos como un factor esencial para o aumento da fame, organismos coma a FAO ou a OMS, no seu *Programa Conxunto sobre Normas Alimentarias* ou nas iniciativas da comisión do *Codex Alimentarius*, preocupáronse sobre todo de continuar desregulando a produción e os mercados ao eliminar as posibles barreiras ou proteccións que os Estados puidesen establecer sobre os seus sistemas agrícolas e alimentarios, obxectivos presentes xa nos *Principios Xerais do Codex Alimentarius*.

Tralo estalido da burbulla inmobiliaria, nesta nova fase o capitalismo ten posta a súa ollada nos procesos de privatización da auga ou da natureza, da prestación de servizos públicos e mesmo no comercio cos dereitos de emisión de carbono; como xeito de seguir garantíndose a acumulación de capital por riba de calquera necesidade social e agachando as causas e consecuencias das crises alimentaria, enerxética, ou ecolóxica asociadas a ese crecemento «ilimitado». A Lei de Augas de Galiza do ano 2010 puxo os primeiros chanzos para converter un ben indispensable para a vida, que debe regularse segundo o interese xeral, nunha mera mercadoría cuxa xestión estea cada día máis en mans de empresas privadas.

Algunhas estimacións afirman que, dende comezos de século XX, se perdeu ata un 75 por cento da diversidade biolóxica e xenética, de variedades que ao longo do tempo foran realizando un proceso de adaptación agro-sistémica e amosando, en xeral, unha boa resistencia fronte ás pragas e enfermidades, ás condicións climáticas, aos problemas do chan e que achegaban múltiples valores ambientais.

Dependencia enerxética e cambio climático.

No ano 1992, o Informe Brundland respondeu ás cuestións cada vez máis estendidas da viabilidade dun crecemento ilimitado nun planeta finito, creando o malabarismo conceptual “desenvolvemento sustentable”. Baixo o mesmo, propuxo relanzar o crecemento en todo o planeta, eliminar a pobreza e facelo todo empregando cada vez menos insumos materiais e enerxéticos grazas ás transformacións tecnolóxicas.

24 anos despois, resulta evidente que o crecemento do consumo e da produción de bens materiais segue a producirse a través da suba do consumo enerxético -carbón, petróleo ou gas-. Nos máis de dous séculos desde a revolución industrial, a extracción de enerxía fósil a nivel global foi medrando progresivamente para abastecer o crecemento do consumo.

A maiores, nestas dúas décadas fóronse acumulando evidencias de que a liberación de gases e partículas á atmosfera provoca danos na saúde das persoas e no medio ambiente, e tamén a suba da temperatura ambiental do planeta. Os efectos negativos desta suba no clima están a obrigar á comunidade internacional a chegar a acordos para limitar este consumo. Lamentablemente, as propostas non afrontan a raíz do problema, persistindo na fracasada estratexia do *capitalismo verde*.

Ao mesmo tempo que se acadou un consenso global sobre os riscos da mudanza climática, volve a poñerse de actualidade o debate sobre os límites da dispoñibilidade dos recursos fósiles. No seu informe de 2010, a Asociación Internacional da Enerxía reflectiu -tras negar por décadas a validez dese concepto- que no ano 2006 a humanidade acadara a máxima capacidade de extracción de petróleo, asumindo que, a partir desa data, o crecemento económico non poderá contar con subas na principal fonte de enerxía primaria global (o 90 por cento nos sectores do transporte e a agricultura).

Superado ese cumio, enfrontámonos a un decrecemento forzoso da economía global. O encarecemento do transporte de produtos suporá a fin dos procesos deslocalizadores da economía globalizada, forzando a necesidade de reducir as distancias entre as zonas de produción e consumo. Tamén o reto de producir abondos alimentos sen combustibles fósiles é ao tempo enorme e inaprazable. Lamentablemente, os gobernos de estados e institucións internacionais seguen sen dar resposta coherente ás evidencias que cuestionan a viabilidade enerxética e ambiental do sistema capitalista.

Hoxe, o risco de desabastecemento atópase agochado debido a unha conxuntural redución da demanda global ocasionada polo proceso “natural” de concentración da riqueza en poucas mans. Este proceso, acentuado a partir de 2008 tralo estoupido da burbulla financeira, afecta xa aos grandes produtores, que son ao tempo os grandes consumidores de enerxía e materias primas. Deste xeito, a baixada na dispoñibilidade de petróleo vese temporalmente compensada polo descenso da demanda. Pese a iso, cómpre ver mais aló desta situación e deseñar con urxencia unha estratexia que garanta o futuro abastecemento de alimentos á poboación nun escenario de desabastecemento de combustibles para a produción agrícola e gandeira e o transporte.

3.- SOBERANÍA ALIMENTARIA E DEFENSA DO MODELO AGROECOLÓXICO

O Sindicato Labrego Galego reafirma a súa vontade de apoiar con todos os medios ao seu dispor a autoorganización das labregas e labregos e a súa maior participación e incidencia en todos os espazos para conseguir políticas na defensa da agricultura labrega, de prezos dignos, do maior número de persoas labregas ocupadas, do mantemento dunha actividade agraria sostible nos distintos territorios, e do desenvolvemento de modelos agroecolóxicos.

Defendemos o dereito á soberanía alimentaria, o dereito a decidirmos como pobo as políticas necesarias para dispor dunha alimentación sa, culturalmente axeitada, con métodos sostibles, a darlle prioridade á produción para o consumo local de alimentos, así como a capacidade de protexer ás produtoras e produtores de importacións baratas.

As administracións deben garantir unha alimentación sa e nutritiva, que non conteña residuos perigosos para a saúde como hormonas, antibióticos, transxénicos ou

agrotóxicos, polo que estes criterios deben ser moi esixentes para calquera alimento que chegue ao mercado, debendo incrementarse a acción xeral de control deste tipo de residuos e, de xeito especial, dos alimentos que proceden de lugares nos que seguen autorizados produtos que hoxe están prohibidos na UE pola súa perigosidade. A loita contra o uso abusivo de antibióticos na produción de alimentos, o emprego de agrotóxicos e os transxénicos é un dos eixos fundamentais de traballo do Sindicato Labrego Galego, sendo un dos seus obxectivos fundamentais que Galiza se declare nación libre de transxénicos e se aposte dun xeito decidido pola agroecoloxía.

Prezos.

O Sindicato Labrego Galego loitará por uns prezos xustos e pola marxe necesaria para que as persoas produtoras podan vivir dignamente do seu traballo, garantindo os custos de produción ligados a unha produción sa e de calidade. Xunto co resto doutras organizacións da Vía Campesina e demais alianzas sociais, combateremos o modelo agroexportador, que trata de conseguir materias primas baratas a costa de arruinar miles de labregas e de labregos, quitarnos as nosas terras e expulsarnos do mercado.

Conforme ao sinalado xa no VII Congreso, o mantemento dos postos de traballo das labregas e labregos segue a ser unha prioridade fundamental para frear o abandono do medio rural, e mesmo unha das solucións estruturais necesarias para a loita contra os incendios, a perda de biodiversidade, a erosión do chan, e como ferramenta imprescindible para a conservación da paisaxe.

Cómpren políticas que eliminen a posición de dominio da industria e da distribución no complexo agroalimentario a todos os niveis; fixación de prezos, determinación dos parámetros de calidades e outras condicións nas relacións entre as distintas partes da cadea; todo isto debe ser obxecto de índices de referencia obxectivos e criterios negociados colectivamente polas distintas partes. As relacións de compravenda deben realizarse mediante contratos homologados que garantan prezos mínimos, no sentido expresado en parágrafos anteriores, estándares de calidades obxectivos, condicións que non sexan fixadas unilateralmente pola industria, e un sistema de mediación público e gratuíto para os contratos, que deberán garantir os dereitos das persoas produtoras, finalizar cos abusos e impagos, etcétera.

As políticas agrarias deben garantir a renda das persoas produtoras e basearse en prezos dignos para os nosos produtos, para o que é imprescindible unha regulación pública da produción e do mercado que equilibre a oferta e a demanda de produtos, priorice a relocalización fronte á política agraria para a exportación e evite o *dumping*, tanto no mercado interno como en relación con terceiros países.

Mocidade labrega.

Na Galiza existen arredor de 1.600 aldeas abandonadas e miles de mozas e mozos teñen que marchar da nosa terra ante a imposibilidade de acceder a un posto de traballo e a unha vivenda para poder levar adiante un proxecto de vida. No Sindicato Labrego Galego cremos firmemente que hai futuro no rural e que este futuro está, de xeito fundamental, nas mans da xente moza, persoas que se incorporan nun proxecto de recente creación ou xente nova que toma o relevo na súa granxa familiar. En

definitiva, xente ilusionada con volver ou quedar no rural, convencida que neste xeito de vida é onde están algunhas das alternativas de desenvolvemento persoal do mundo que nos rodea. No Sindicato Labrego Galego consideramos fundamental que a mocidade labrega estea organizada e articulada dentro da nosa organización, posto que ten necesidades e problemáticas específicas e tórnase necesario que teña voz propia na nosa organización.

Principais necesidades e reivindicacións da xente moza:

- **Acceso á terra:** É moi complicado se non vén dun proceso de relevo xeracional. Aínda tendo terra herdada, segue a ser complicado ampliar a base territorial e reorientala cara a outros modelos produtivos. Tamén o acaparamento de terras por parte das multinacionais e a falta dunha ordenación territorial que favoreza a actividade agraria representan unha clara ameaza para a incorporación da mocidade, polo que neste aspecto demándase un Banco de Terras público e operativo.
- **Política Agraria Común:** A PAC segue sendo, nas súas sucesivas reformas, unha política de destrución de pequenas e medianas granxas labregas. No caso dos planos de desenvolvemento rural (PDR) só o 7 por cento das persoas perceptoras de axudas teñen menos de 35 anos e o 50 por cento supera os 55. En canto ao reparto de dereitos da Reserva, as persoas mozas incorpóranse sen dereitos e teñen moitas dificultades para acceder á mesma. A xente moza reivindica a necesidade doutra Política Agraria Común.
- **Financiamento:** Os planos de incorporación deberían ser máis flexibles, o período de investimentos máis amplo, e ofrecer un seguimento e un acompañamento nos proxectos que acaban de comezar. Tamén o formato e a burocracia das axudas fan que só podan acceder a elas quen xa estea medio instalada o instalado. A xente moza debe ter a posibilidade de elixir o modelo no que quere producir alimentos. Neste aspecto, a xente moza reivindica que se apoiem os proxectos de produción agrícola e gandeira da mocidade, así como novas ferramentas de financiamento (banca ética, cooperativas de crédito solidario, etcétera).
- **Xénero:** As mulleres mozas labregas queren incorporarse en plena igualdade económica, social e política, estando presentes en todos os ámbitos e toma de decisións, revisando tamén os roles de xénero na cultura labrega.

Mulleres labregas.

O traballo específico con mulleres labregas é fundamental e transversal no Sindicato Labrego Galego, así como o coidado permanente de que se respecte a participación paritaria nos diferentes ámbitos da organización e se teñan en conta as posibles repercusións na vida das mulleres labregas das diferentes medidas e políticas.

O sistema capitalista baséase, en xeral, na existencia de desigualdades estruturais como o feito de que moitas mulleres asuman a maioría das tarefas da esfera reprodutiva e mesmo produtiva sen ningún recoñecemento social, dereito económico ou profesional ou remuneración. A violencia machista esta a ser a causa do asasinato de centos de mulleres: 668 no Estado español nos últimos 10 anos, segundo os datos

do Instituto de la Mujer, aínda que a cifra real é bastante maior porque os criterios empregados non contabilizan numerosas vítimas. O Sindicato Labrego Galego no seu conxunto asume a loita contra o patriarcado e calquera forma de discriminación como un dos seus valores esenciais, implicándose en campañas propias ou en rede para acabar co feminicidio e co fin de logramos unha sociedade na que prevaleza a xustiza social, a equidade e o respecto á diversidade.

Despois da intensa loita desenvolvida pola Secretaría das Mulleres do SLG, actualmente o marco legal permite o recoñecemento de titularidades compartidas pero, con motivo do IX Congreso do SLG, temos que seguir denunciando a falta de interese e de implicación das administracións galega e estatal para que se implante verdadeiramente a Lei de Titularidade Compartida e para conseguir unha participación das mulleres en termos de igualdade na actividade agraria. No caso de granxas nas que o titular é o cónxuxe masculino, miles de mulleres seguen a ser consideradas unha "axuda familiar", sen ningún recoñecemento legal do seu traballo, ingresos propios, dereitos laborais e, ás veces, mesmo sen cotización á Seguridade Social. A consecución dos dereitos profesionais das mulleres labregas, dos dereitos económicos, sexuais, reprodutivos ou de calquera outra índole constitúe o eixo de traballo fundamental da Secretaría das Mulleres do SLG, que é apoiado pola organización no seu conxunto.

Seguridade social.

As labregas e os labregos teñen dereito a que se protexan os seus dereitos laborais e profesionais, co debido recoñecemento legal e coberturas sociais dignas. A cotización á Seguridade Social Agraria debe ser accesible e calcularse en función dos ingresos, con apoios específicos para facilitar a inclusión das persoas con menos recursos. Deberían revisarse os mecanismos de concesión e a contía das prestacións, pois na actualidade existe unha clara discriminación na concesión de baixas por enfermidade ou por invalidez a moitas persoas labregas, non recoñecéndolles a maioría das enfermidades profesionais, discriminando as persoas con menos ingresos e, dun xeito particular, as mulleres labregas. Debe volverse atrás na decisión de incrementar a idade para a xubilación, pois ten como intención prolongar a vida laboral de persoas maiores, que se ven obrigadas a seguir desenvolvendo un traballo con elevadas cargas físicas, así como a diminución importante das prestacións resultantes, que xa son das máis baixas do sistema.

Sistemas alimentarios locais.

Os sistemas alimentarios locais teñen múltiples beneficios como a mellora da rendibilidade con prezos xustos, a creación de emprego, a posibilidade de asentamento poboación, o reforzo do territorio, a posibilidade de que a cidadanía teña un maior acceso a alimentos frescos e de tempada, a redución da emisión de gases de efecto invernadoiro, unha menor demanda enerxética, unha potencialidade maior para desenvolver modelos agroecolóxicos, con múltiples beneficios a nivel de saúde, conservación da biodiversidade ou das paisaxes diversas, entre outros.

Por todo isto, dende o Sindicato Labrego Galego trataremos de apoiar e conseguir políticas públicas que favorezan a chegada de alimentos locais á cidadanía (apoio á

creación de grupos de consumo, mercados, compra pública de produtos locais, sistemas de certificación participativa, sensibilización e construción de espazos coas persoas consumidoras, etcétera), tratando de promover os cambios legislativos necesarios para que estes alimentos podan ser transformados e comercializados, con todas as garantías de calidade, pero mudando unha lexislación que está feita a medida das grandes industrias. Por exemplo, permitindo pequenos obradoiros, salas de despece ou matadoiros móbiles, ou outras solucións para a transformación a pequena escala de produtos de calidade.

Cada ano o goberno galego gasta 29 millóns de euros na compra de alimentos para os comedores escolares e, á súa vez, todas as administracións do Estado invisten un total de 3.000 millóns de euros en comprar alimentos. A compra pública de alimentos locais e ecolóxicos podería supor un gran revulsivo para o medio rural e, ademais, garantiría unha alimentación saudable en espazos tan importantes como os hospitais e as escolas nos que, en liñas xerais, se detectou un empeoramento progresivo da calidade dos alimentos ao pecharse as cociñas propias e depender de sistemas de *catering*. Estase a pór en perigo a saúde das nenas e dos nenos e da poboación en xeral, e debemos conseguir que a comida volva facerse nas cociñas dos propios centros, con ingredientes de tempada, frescos, ecolóxicos e de procedencia local, seguindo a tendencia da aposta pola calidade que están a facer outros países europeos.

Sementes e biodiversidade.

As políticas agrarias deben responder ao obxectivo fundamental de obter alimentos sans e de calidade nutritiva para toda a sociedade, xerar emprego e axudar a desenvolver un medio rural vivo, xestionando a auga, a terra e as sementes como bens comúns e co criterio de interese social actual e futuro, coidando a biodiversidade, e promovendo a menor dependencia posible de insumos externos, eliminando a dilapidación de enerxía e facendo da agricultura un activo fundamental na redución de gases de efecto invernadoiro e na loita contra o cambio climático.

Debemos defender as nosas sementes, as sementes labregas. A nosa campaña de defensa das sementes autóctonas debe basearse na resistencia contra as multinacionais, posto que cada vez é maior o proceso de concentración de sementes nas súas mans (estímase que un 70 por cento das sementes xa está nas súas mans). Este proceso de usurpación das sementes labregas está a ser dirixido polos propios gobernos dos estados, que modelan a lexislación para favorecer os intereses das grandes empresas, expropiándonos a labregas e labregos o dereito a producir as nosas sementes. Tamén debemos, como labregas e labregos, recuperar o control da produción de sementes. Non pode existir un modelo de produción labrego sen sementes labregas.

Auga.

Co cambio climático, a auga será un ben aínda máis escaso, sendo previsible tamén en Galiza a maior incidencia de períodos de seca e os posibles danos pola desestabilización do clima nas colleitas. Dende o Sindicato Labrego Galego debemos loitar contra a privatización da auga e o seu control por parte de multinacionais,

garantindo o acceso de todas as persoas a este ben, así como a xestión pública e o seu emprego responsable, priorizando os usos alimentarios e agrícolas.

Cambio climático e diminución da dependencia enerxética.

Cómpren medidas urxentes para loitar contra o cambio climático, como o inicio dunha transición cara a unha economía baixa en carbono, diminuír as emisións e combater falsas solucións do chamado "capitalismo verde" como a expansión de plantacións forestais de eucalipto e outras especies de crecemento rápido para retirar CO₂, os agrocarburos, as centrais de carbón con captura de CO₂ ou mesmo a enerxía nuclear. As labregas e os labregos debemos prepararnos para a fin da era do petróleo abundante e barato, con medidas que nos fagan ser menos vulnerables aos impactos do cambio climático e a escaseza de recursos naturais

A terra para quen a traballa.

Calquera país que non queira ser dependente debe garantir a seguridade alimentaria e dar pasos para construír a soberanía alimentaria. E todo isto non é posíbel se non se dispón dunha ordenación e delimitación racional do territorio, e da protección axeitada da terra agraria.

Malia que se leva culpado do atraso da nosa agricultura ao minifundismo e mesmo ao excesivo número de persoas propietarias, ese non é o problema. En todo caso, o excesivo número de parcelas por propiedade podería estar resolto co que se gastou en concentracións parcelarias se se fixese de forma racional. O problema é que nos últimos 40 anos se reduciu a superficie agrícola nun 40 por cento, aproximadamente, máis dun 1 por cento anual, froito do encontro de obxectivos, entre outros, de celulosas, industria dos taboleiros e quen nos gobernan. Redúcese a superficie agraria, diminúe a poboación agraria, as granxas seguen a ter unha base territorial insuficiente e mesmo hai zonas desertizadas.

As persoas que seguen na actividade agraria aumentan a media de produción, pero escasamente en base a terra, o cal é máis insostible e, en moitos casos, inviábel. Non hai posibilidade de atender a importante demanda actual de terra en arrendo ou en propiedade, con prezos adecuados, para instalarse por parte da mocidade, que teñen a determinación de dedicarse á produción de alimentos como medio de vida, moitos deles en produción ecolóxica.

Para ter futuro, faise imprescindible reivindicar unha nova lexislación sobre a ordenación do solo de Galiza, que delimite adecuadamente o territorio, especialmente a especial protección agraria e silvícola. Esta debería ser un ordenamento de obrigado cumprimento que protexa a terra agraria fronte a minaría, a forestación, as grandes obras de infraestruturas, a especulación urbanística, etcétera. E, ao mesmo tempo, se garantan determinadas áreas para o mantemento da fauna salvaxe, sen que este sexa un custo e un impedimento para a produción agraria.

En relación coa problemática da fauna salvaxe, enténdese necesario tanto a creación de áreas específicas para a fauna salvaxe, como a articulación dos mecanismos para que as poboacións de esta sexan controladas, así como a garantía do pago de

indemnizacións xustas en relación cos danos causados pola mesma, con procedementos áxiles de resarcimento e contías suficientes

Para non hipotecar a soberanía alimentaria de Galiza, a superficie agraria debería recuperarse ate 1.200.000 hectáreas. Só así podemos ter a posibilidade dunha Galiza rural viva, co emprego principalmente nas producións agrícolas e gandeiras, e todo o ciclo de transformados de calidade. Se se fai un aproveitamento racional e diverso, pechando os distintos ciclos de madeira, sobre todo impulsando a de calidade e demais actividades do monte, tamén a alimentaria, mesmo podería incrementarse o emprego silvícola.

Banco de terras.

Sobre a base desa nova ordenación, precisamos unha reformulación do Banco de Terras que teña as seguintes liñas xerais:

- Que non permita a especulación, sen discriminación de ningún tipo (económica, de xénero ou outras).
- Que todas as terras agrarias ou silvícolas en alugueiro ou en venda sexan adxudicadas a persoas que cultiven de xeito directo a terra ou, de xeito preferente a través do banco de terras, e só se faría de xeito alternativo, despois de pasar polo banco de terras.
- Que todas as terras para alugueiro ou venda se valoren a prezos asequibles para a actividade agraria ou silvícola.
- Que o Banco de Terras poda ser titular de superficie agraria ou silvícola.
- Que tanto as terras agrarias como silvícolas sexan asignadas con preferencia para que a dimensión cubra a viabilidade da man de obra familiar ou o emprego directo das persoas que as cultiven, persoas mozas que demandan incorporarse e o traballo directo a tempo parcial.
- No caso de que non se se solicitara toda a superficie polas persoas físicas ou xurídicas nas que se vaia cultivar directamente, asignarase ás que o número de persoas empregadas non supere a man de obra familiar.
- O banco de terras dotarase da estrutura e medios para poder cumprir as funcións asignadas, Á parte do Goberno, formaran parte as organizacións que representan ao sector.
- A terra publica existente non debe ser privatizada. No caso de non ter uso, poderíase alugar cos mesmos criterios.

Os terreos comunais deben manterse na forma de propiedade actual e ser utilizados prioritariamente para o aproveitamento sostible e multifuncional do monte por parte da veciñanza comuneira e coa xestión comunal que lle é propia. Só no caso de que se puxese algunha superficie en alugueiro e non optasen persoas comuneiras, pasaría polo Banco de Terras cos mesmos criterios.

Rexeitamento do TTIP, CETA.

O Sindicato Labrego Galego rexeita de xeito rotundo os chamados Tratados de Libre Comercio cos Estados Unidos e Canadá, ou calquera outro, así como as enganosas posturas intermedias que, co pretexto de sinalar unhas liñas vermellas no acordo, dá entrada ao goberno directo das multinacionais sobre aspectos básicos das nosas vidas como a alimentación, a saúde, o comercio, a educación, os dereitos laborais, a protección da natureza.

A Comisión Europea, pese ao escurantismo co que trata de levar as negociacións, xa admitiu o gran impacto que o TTIP e o CETA van ter sobre a agricultura e a gandería europeas. O Sindicato Labrego Galego deber reforzar a súa actividade neste eixo de traballo, posto que nos atopamos nun momento crucial á hora de reforzar o gran movemento cidadán de oposición a estes tratados.

Hai estudos que cifran a perda de postos de traballo que podería producirse na UE en aproximadamente 600.000 empregos; e, a través de mecanismos como o de resolución de conflitos ou tribunais de arbitraje específicos, eliminaríase na práctica o dereito á soberanía dos pobos ou calquera outro dereito democrático.

Nos últimos anos, por exemplo, a sociedade galega librou con firmeza unha loita contra a instalación de megaproxectos de minería e a ocupación de miles de hectáreas de terra por parte de multinacionais como a canadense Edgewater (minería de ouro a ceo aberto con cianuro) e a norueguesa Erimsa (cuarzo), mineiras para a extracción de feldespatos, terras raras, áridos, etcétera.

Moitos destes proxectos foron denegados debido aos seus impactos e á mobilización social, mais de ir adiante o TTIP, as multinacionais contarían con mecanismos legais que lles permitirían reclamar indemnizacións multimillonarias en tribunais de arbitraje, con custos inasumibles e controlados polas propios investidores, o que dificultaría moito a lexítima defensa dos dereitos da cidadanía.

Non podemos permitir que gobernen as multinacionais a alimentación, a terra, a auga, a saúde, a educación, as nosas vidas e, en definitiva, o noso futuro. Xogámonos moito e non caben medias tintas. Contra o TTIP e contra o goberno das multinacionais.

4.- ALIANZAS DO SLG

Dende o Sindicato Labrego Galego e, conforme ao acordado pola organización xa en congresos anteriores, debemos seguir propiciando e participando en alianzas que combatan as políticas neoliberais e defendan o dereito das persoas labregas e da cidadanía en xeral a vivir dignamente e a loita pola soberanía alimentaria. Alianzas contra os recortes nos servizos públicos e contra as políticas de austeridade, a privatización da auga, a espoliación da terra e da natureza. Alianzas por un mundo en paz. Alianzas contra calquera forma de discriminación, contra a violencia machista. En definitiva, alianzas a favor de calquera outra acción na defensa do interese xeral. Un

dos criterios fundamentais á hora de establecer alianzas con outros colectivos seguirá sendo o respecto á autonomía, á identidade e ao dereito á autoorganización das labregas e dos labregos no SLG, e a reciprocidade no recoñecemento destes mesmos dereitos ás outras organizacións.

A actuación da Administración Galega está a dificultar o desenvolvemento das desexables relacións normalizadas coas institucións, posto que incumpre sistematicamente a lei nas convocatorias do Consello Agrario Galego e doutros órganos de interlocución, dificultando mesmo a preceptiva consulta pública e os mecanismos de participación social previstos na lexislación comunitaria, tal e como aconteceu, por exemplo, durante a tramitación do Plano de Desenvolvemento Rural de Galiza 2014-2020. Neste sentido, dende o Sindicato Labrego Galego seguiremos a defender o dereito das labregas e labregos galegos a defender democraticamente os nosos intereses e o esixible respecto institucional ás organizacións que representan ao sector.

A época que estamos a atravesar amosa, máis que nunca, a necesidade de loita labrega, que coincide con unha forte restrición de medios económicos por parte das Administracións Públicas, fai necesario que dende o SLG-CC LL fagamos unha reformulación da maneira que temos de traballar e de presentarnos na sociedade, co fin de acadar ser a casa común, no noso ámbito, de toda a parte da sociedade que camiñan nas liñas político-sindicais que expresan estes textos. Somos o sindicalismo nacionalista agrario, e como tal debemos aspirar a conseguir a unidade e a forza necesaria para dar alternativas que quiten o mundo rural galego da alarmante situación na que se atopa agora mesmo.

O Momento no que vivimos non é moi dado á participación, pero ó mesmo tempo a xente quere ser escoitada e tida en conta máis ca nunca; O SLG debe ter en conta esta situación e abrir a súa estrutura e facela máis horizontal co fin de escoitar e facilitar a máxima participación da xente, en especial da xente máis nova, achegándonos a ela e xerando novos debates na base e novos referentes sindicais, a poder ser rotatorios co fin de que participe o máximo número de persoas.

Neste sentido propoñemos abrir un debate, xa de cara ao primeiro Encontro Anual, que permita que o noso organigrama interno sexa áxil e efectivo, traballando incluso na estrutura da organización, comarcas e macro-comarcas, e calquera outra figura que poida ser interesante para a mellora da nosa estrutura. Cunha concepción aberta e sen límites para lograr a adaptación da nosa organización ós novos retos que temos por diante.

ALIANZAS

Na situación que está a pasar o rural galego, o SLG debe traballar no sentido de seguir fortalecendo alianzas que permitan ir aplicando as nosas propostas no rural galego, sempre dende o respecto á identidade de cadaquén.

En primeiro lugar deberemos reforzar a interlocución coas institucións públicas, tanto a nivel local como autonómico ou estatal.

Tamén deberemos tentar normalizar unha relación cos partidos políticos do ámbito nacionalista, máis aló das relacións puntuais e de campañas que hai cos grupos políticos en xeral, co fin de conseguilos como aliados do nosos proxectos, tanto a nivel de modelo agrario, como de medio rural sustentable e con futuro, como de que vaian asumindo nos seus programas o principio de Soberanía Alimentaria.

As inevitables alianzas a nivel puntual ou de traballo en conxunto con outras organizacións ou en plataformas, debemos ser precavidos no sentido de que non prexudiquen a nosa presenza e implantación. En canto ás plataformas, ser conscientes que non son máis que unha estrutura puntual e táctica para os problemas do momento, pero a solución real dos problemas agrarios pasa polo cambio de modelo que propoñemos: agroecoloxía e soberanía alimentaria. Nese sentido seguiremos traballando na Vía Campesina e na súa coordinadora Europea participando activamente e asumindo as responsabilidades que nos toque.

O SLG apoiará en Galiza as loitas e reivindicacións que non entren en contradición cos nosos postulados, sexa cal sexa o sector, manifestando así a nosa determinación e solidariedade coas diferentes loitas do pobo galego.